

O CONCELLO DE CUNTIS ACUMULA FACTURAS SEN PAGAR DENDE O ANO 2017 E PRESENTA UNHA SITUACIÓN ECONÓMICA MOI PREOCUPANTE

- *O PSOE aproba en solitario a Conta Xeral de 2020, fóra de prazo, con facturas pendentes de pago dende o 2017 e sen partida orzamentaria nin mecanismo de pago para ningunha delas.*
- *O Periodo Medio de Pago a Provedores sitúase en setembro de 2021 en 322 días, cando o máximo permitido pola lei son 30 días. Un dos catro peores concellos da provincia.*
- *Nunha actitude lamentable e bochornosa, o Goberno Municipal nin tan sequera se dignou a intervir no debate sobre a Conta Xeral de 2020, que tivo lugar no pleno da semana pasada.*

Cuntis, 20 de decembro de 2021

O pasado xoves foi aprobada, cos únicos votos favorables do Grupo de Goberno, a Conta Xeral de 2020. O expediente presenta unha situación económica moi preocupante no Concello de Cuntis, con facturas pendentes de pago a provedores dende o ano 2017 que superan os 600.000 euros sen que, a día de hoxe, exista consignación orzamentaria nin mecanismo de pago para elas.

O voceiro de Veciñanza, Santi Martínez, expuxo [durante a súa intervención](#) as principais características que arroxan os informes técnicos que compoñen o expediente da Conta Xeral, e que reflicten varias irregularidades contables e financeiras. A primeira delas, a presentación desta fóra de prazo, xa que debiera ter sido remitida ao Consello de Contas antes do pasado 15 de outubro. O propio informe de Intervención Municipal sinala, textualmente, o seguinte:

- *Ratio de liquidez inmediata : 0,21% o concello debe mellorar este indicador , dado que mostra a dificultade que ten o concello para facer fronte as débedas a curto prazo*
- *Ratio de liquidez xeral : 0,31% mostra a falla de liquidez para afrontar os pagos*
- *Ratio de liquidez a curto prazo : 0,38% lonxe do 1% mostra a dificultade do concello para facer fronte aos seus compromisos financeiros a curto prazo.*

No relativo ao Periodo Medio de Pago a Provedores, que a lei fixa nun máximo de 30 días, no exercicio 2020 a xestión do PSOE de Cuntis arroxou os seguintes datos (extraído de maneira literal do Informe de Intervención):



- 1º Trimestre: 31,70 días.
- 2º Trimestre: 192,04 días.
- 3º Trimestre: 227,33 días.
- 4º Trimestre: 206,41 días.

Neste punto, Santi Martínez presentou os datos actualizados que presenta a web do Ministerio de Facenda e Administración Pública: *“Estes datos sitúannos como un dos catro peores concellos da provincia de Pontevedra. Pero temos máis, porque se botamos unha ollada á web do Ministerio de Facenda e Administración Pública, podemos comprobar como os últimos datos dispoñibles son os do mes de setembro de 2021, é dicir, unha fotografía bastante actual da situación económica. Pois ben, cando a media de pago dos concellos e entidades fiscalizadas é de 70 días, Cuntis sitúase en 322 días. Unicamente superado na provincia de Pontevedra polo concello da Cañiza, o do Porriño e o de Vilanova de Arousa. Isto son datos que calquera pode contrastar na web do Ministerio, non é que o digamos nós. E isto é un verdadeiro escándalo. Por comparar, e para que valoremos a dimensión do que estamos a tratar, cal é período medio de pago dos concellos da contorna segundo os últimos datos dispoñibles: Barro, 12’76; Caldas de Reis, 37’26; Campo Lameiro, 9’86; A Estrada, 7’90; Moraña, 8’10; Portas, 12’44. Repito, Cuntis 322’45. Datos de setembro de 2021, que empeoran obviamente os da Conta Xeral que estamos a tratar, a de 2020.”*

Aínda así, o máis escandaloso e grave da situación económica do Concello de Cuntis é a **acumulación de facturas pendentes de pago que, segundo a documentación que obra no expediente e que o grupo de goberno validou, amontóanse dende o ano 2017 e carecen de consignación orzamentaria nin mecanismo de pago. O Goberno Municipal fracasou na licitación dunha póliza de crédito e Alcalde négase a confirmar como ten pensado pagar as inxentes cantidades que se lle adebedan a moitos provedores locais.** Santi Martínez fixo un repaso dalgunhas destas facturas: *“vemos facturas sen pagar do ano 2017 tan dispares como a dunha actuación na Xornada da Castaña ou da instalación dun cadro eléctrico no centro de día. Do ano 2018, están sen pagar facturas de aglomerado, facturas da luz, obras de reparación no centro de saúde, facturas de publicidade, outro cadro eléctrico, facturas telefónicas, contedores do lixo, etc. Neste 2018, a débeda supera os 60.000 €. No ano seguinte, ano electoral, 2019, a débeda ascende a máis de 216.000 €, e aquí atopamos facturas tan variadas como area, publicidade en Radio Caldas, menús en restaurantes locais, o pintado das rúas do Espadental e A Presiña, cotas de alarmas de seguridade, cestas de queixos tamén dun provedor local, suministros eléctricos, material de construción, pagos a empresas editoriais, castañas para o magosto, análises da auga das piscinas municipais, clases de ximnasia, actividades do Samaín, gasoil, desbroces, máis publicidade, mantementos informáticos... E por se isto nos parece moito, chegamos ao propio 2020, onde a débeda se dispara ata máis de 368.000 €. Aquí seguimos atopando facturas do mesmo tipo que as citadas anteriormente, vemos que seguen sen pagar as obras das escolas de Sebil e da Hermida, almozos e petiscos nun bar de Cuntis, 30 € en palomitas tamén nun establecemento de Cuntis, máis area, grava, facturas de talleres mecánicos, aglomerados, pavimentos, medios de comunicación, mantemento de ascensor, máscaras, xel hidroalcolico, un termómetro, máis publicidade, ata a ITV dun vehículo... Só por citar algunhas, xa que a lista sería moi longa.”*

O voceiro municipal de Veciñanza rematou a súa intervención advertindo que *“o goberno municipal renunciou aos procedementos de contratación coas empresas que prestan servizos, renunciou á sinatura de convenios coas entidades que traballan para o concello, e renunciou aos principios básicos dunha xestión económica decente. A que o goberno municipal xestiona os*





recursos públicos de Cuntis como se fosen seus e incorreu nunha xestión económica absolutamente demencial. O Goberno do PSOE decidiu que cada legislatura é unha campaña electoral de catro anos, sostida a base de anuncios e na que a xestión é o de menos. Por isto temos servizos continuados sen contrato, temos carencias de persoal administrativo, temos carencias no servizo de policía local, temos unhas ordenanzas fiscais totalmente desactualizadas que impiden dispoñer dunha estrutura de ingresos acorde á realidade actual do municipio, empréganse as subvencións públicas a entidades de maneira clientelar, a política de contratación de persoal recorda á dos anos 90... o goberno local prefire pagar mediante levantamento de reparos de intervencións máis de 50000 euros anuais en propaganda antes que pagar o que debe. Antes advertía dos datos que xa hai dispoñibles de 2021, e como todos e todas sabemos, o 2022 é ano preelectoral, co cal o panorama non pinta demasiado ben para os recursos públicos deste concello”.

Ante esta situación, **o PSOE nin tan sequera se dignou a responder nin a facer uso da súa quenda de intervención para explicarlle aos veciños e veciñas de Cuntis a que se debe que a situación económica que reflicten os informes municipais chegara a unha situación tan extrema.** A xestión económica do PSOE pon en serio risco a estabilidade financeira do Concello de Cuntis, que se atopa xa presentando os peores indicadores da provincia de Pontevedra.

